
DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 33 · **Xullo 2024**



O TSXG dá a razón a Down Galicia e considera discriminatoria a orde de axudas da Xunta para libros e material escolar

Recoñecemento ao proxecto de inclusión educativa nos Premios Santander

O equipo de Down Ourense gaña a Liga de Debate Universitario para persoas con discapacidade

Xornada de envellecemento para achegar o protocolo ASE ao sector sociosanitario

Emprego Con Apoio amosa a súa eficacia de novo**: 240 contratos a longo de 2023** ➜

Índice

A Xustiza, contra a discriminación da Xunta na escola 2

Premio Santander á inclusión educativa de Down Galicia 6

A ONU lembra a España o dereito á educación inclusiva 9

Grandes resultados no balance de Emprego Con Apoio 11

Down Galicia dixitaliza a avaliación do envellecemento 14

Xornada de envellecemento para o sector sociosanitario 16

O protocolo ASE, finalista nos Premios Innovación do SERGAS 18

Down Galicia organiza o 2º Encontro de irmáns e irmás 20

O equipo de Down Ourense, gañador na Liga de Debate 21

Down Vigo deslumbra no Vigo Porté co seu musical 23

As entidades Down involúcranse na limpeza dos ríos 24

Nova inserción laboral na Coruña: Elvia consegue emprego 25

O grupo de teatro de Down Compostela estrea nova obra 26

Varias entidades realizan obradoiros dos centros Quérote+ 28

Séguenos, subscríbete e contacta 29

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Membros de Teima reivindicando a inclusión



Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, durante a rolda de prensa

O TSXG dá a razón a Down Galicia e considera discriminatoria a orde de axudas da Xunta para libros e material escolar

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de emitir a sentenza correspondente ao recurso contencioso-administrativo presentado en xullo de 2023 pola Federación Down Galicia contra a Orde do 10 de maio de 2023 pola que se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Neste documento, o máximo órgano do poder xudicial en Galicia dá a razón á Federación ao considerar discriminatoria a mencionada normativa. Nas súas páxinas, a sentenza indica que é indubidable a diferenza de trato que a orde dispensa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado en centros ordinarios en modalidade inclusiva ou que non alcancen un determinado grao de discapacidade (65%), respecto do alumnado escolarizado en centros específicos de educación especial ou en unidades de educación especial en centros ordinarios.

Así mesmo, a sentenza recolle que “non se atopa xustificación razoable para conceder as axudas prioritariamente a quen reciba educación en centros específicos ou en unidades de

educación especial de centros ordinarios", pois vai en contra da primacía que se debe outorgar á educación inclusiva, e fai fincapé en que "se vulnera o principio de igualdade" no acceso ás axudas, ao excluír ou fixar condicións máis restritivas, baseadas na renda familiar, ao alumnado en réxime de inclusión educativa fronte ao alumnado en réxime de educación especial.

En resumo, a sentenza estima integramente o recurso presentado pola Federación Down Galicia, anulando as disposicións impugnadas e resaltando que a normativa establece unha inxustificada diferenza de trato que infrinxe o artigo 14 da Constitución Española e vulnera o dereito fundamental á educación inclusiva.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, considera que o pronunciamento deste ditame "implica que se poña fin á discriminación á que durante os últimos anos estiveron sometidas as familias que optaron pola escolarización dos seus fillos e fillas en escolas ordinarias".

Presentación dun recurso ante unha normativa discriminatoria

Tras máis de dez anos de reclamacións á Xunta de Galicia, a Federación Down Galicia decidiu presentar o pasado ano un recurso contencioso-administrativo contra a mencionada orde, baseándose na clara discriminación da normativa cara o alumnado que aposta pola educación inclusiva, e que agora pon de manifesto a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O presidente de Down Galicia explica que "despois de 10 anos esperando a que a Consellería rectificase unha orde claramente discriminatoria e vendo que continuaban incumprindo a súa promesa de traballar en conxunto para modificala, non nos quedou máis remedio que acudir á vía xudicial para que a xustiza se pronunciase sobre este tema e as ordes dos próximos anos sexan xustas e igualitarias para con todo o alumnado con discapacidade".

A reivindicación do Movemento Down en Galicia, iniciada no ano 2014, sempre se centrou na necesidade de que todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo fose tratado en igualdade de condicións, independentemente do seu grao de discapacidade ou do tipo de escolarización. É dicir, que a orde contemplase os mesmos requisitos para o alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33% independentemente do centro educativo que escolla para ser educado: ordinario ou específico.

Sen embargo, a orde de axuda de libros e material escolar da Xunta de Galicia incorpora un réxime diferenciado e específico nas axudas dos libros de texto e material escolar para, por un lado, o alumnado matriculado en Educación Especial, en centros específicos ou en unidades de Educación Especial de centros ordinarios; e, por outro, para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

Deste xeito, o alumnado matriculado en réxime de educación especial recibirá a contía máis alta para adquirir libros de texto (300€), así como para material escolar (75€), sen ningún

tipo de requisito máis que estar matriculado nun centro de educación especial ou análogo, mentres que a contía da axuda para o alumnado con discapacidade escolarizado en educación ordinaria dependerá da renda per cápita da unidade familiar e, no caso das axudas para a adquisición de libros de texto, non alcanza en ningún momento a cantidade máxima.

O mesmo sucede con aqueles alumnos ou alumnas cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, xa que reciben a contía máis alta sen ter que cumprir ningún outro requisito.



Aula inclusiva na área de Down Coruña

Modificación da orde por parte da Administración

Trala publicación desta sentenza, a Xunta de Galicia está obrigada a tomar medidas que eliminen a discriminación existente na normativa ao declararse nulos os apartados 2 e 3 do artigo 2 da mencionada orde.

Ademais, a Federación enviou a inicios de xullo un escrito dirixido á Consellería solicitando a modificación da Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H), por estar redactada nos mesmos termos que as anteriores e, por tanto, discriminar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en centros ordinarios.

O presidente indica que a Xunta “aínda está a tempo de corrixir a orde deste ano, publicada coa mesma anomalía”.

A educación inclusiva, opción preferente

A Federación Down Galicia celebra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xa que, ademais de considerar discriminatoria a orde recorrida, pon de manifesto unha vez máis que a educación inclusiva é a opción prevalente segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo e a doutrina do Tribunal Constitucional.

Para a defensa deste recurso, Down Galicia decidiu contar con Juan Rodríguez Zapatero, experto en dereito administrativo e en cuestións xurídicas sobre discapacidade, especialmente, sobre educación inclusiva, quen considera esta sentenza "transcendente ao reforzar o dereito á educación inclusiva do alumnado con discapacidade. A Orde da Xunta de Galicia, que a sentenza anula, é discriminatoria ao favorecer sen xustificación obxectiva ao alumnado escolarizado en centros especiais, en prexuízo dos alumnos e alumnas coas mesmas necesidades educativas que se atopan en centros ordinarios ou inclusivos. Así o di e o razoa a sentenza, que é contundente ao rexeitar as xustificacións da Administración Galega", indica o experto en dereito administrativo.

O avogado insiste en que "nin o grao de discapacidade, nin a renda familiar poden servir para establecer un trato discriminatorio en contra do alumnado que se escolariza en centros ordinarios e é particularmente grave que esta diferenciación se fixese por modalidades de escolarización e á marxe do esencial para este alumnado, que é atender ás súas necesidades individuais e, como sinala a sentenza, 'en función delas fíxanse as medidas de apoio e axustes razoables".

Rodríguez Zapatero conclúe indicando que "a Xunta de Galicia debería pedir escusas por unha discriminación que se produciu desde hai varios anos, prexudicando ao alumnado con necesidades educativas especiais e debe proceder con urxencia a anular a Orde do 7 de maio de 2024, que regula as axudas escolares para o próximo curso escolar."



Moza de Down Ourense nunha escola pública ordinaria



Delmiro Prieto recibe o galardón en mans de Ana Botín

O proxecto de inclusión educativa de Down Galicia ‘Unha escola para tod@s’, premiado polo Banco Santander

Novo recoñecemento ao proxecto de inclusión educativa “Unha escola para tod@s” que desenvolve a Federación Down Galicia a través das súas 7 entidades. O Banco Santander fixo entrega o 11 de xuño en Madrid dos Premios da XVI Convocatoria de “Euros de tu Nómina” onde Delmiro Prieto, presidente da Federación, recolleu o galardón en mans da presidenta da entidade financieira, Ana Botín, e en presencia da Raíña de España, Letizia Ortiz.

Esta iniciativa do Banco Santander recoñece o traballo de 16 iniciativas seleccionadas polos empregados e empregadas do organismo. No tocante a Down Galicia, o premio inclúe fondos para o desenvolvemento do proxecto, cun total de 48.487 euros. Así se destacou no acto que acolleu a Cidade Grupo Santander ante medio millar de persoas.

Entre o resto de entidades galardoadas pola organización atópase a galega AFAOR, Fundación Querer, Asociación Ciudad Joven, Asociación Norai, Asociación Nuevo Futuro, AsinDown ou Fundación Hay Salida.

Así é “Unha escola para tod@s”

O proxecto fará posible que 132 personas coa síndrome de Down e discapacidad intelectual de 120 centros educativos conten cunha serie de apoios encamiñados a alcanzar o maior

grao de desenvolvemento e autonomía posible a través da dinamización de experiencias educativas de calidade nos seus anos de escolarización.

O obxectivo principal deste proxecto é promover e facilitar, de forma coordinada cos centros educativos, a inclusión escolar do alumnado con discapacidade intelectual na escola ordinaria, potenciando ao máximo o seu desenvolvemento cognitivo, social e persoal a través de recursos e metodoloxías educativas optimizadoras dos procesos de aprendizaxe.

As limitacións dunha persoa convértense en discapacidade como consecuencia da súa interacción cun ambiente que presenta barreiras e non ofrece apoios para reducir as súas limitacións funcionais. Por tanto, se unha persoa se desenvolve nun ambiente libre de barreiras e cos apoios que necesita, as súas capacidades desenvolveranse máis e serán cada vez máis operativas.

A inclusión na escola ordinaria é a vía e o medio máis adecuado para alcanzar o desenvolvemento persoal, formativo, psicolóxico e social das persoas e, máis especialmente, daquelas que teñen algunha discapacidade. Unha educación inclusiva debe garantir a todo o alumnado o acceso a unha cultura ordinaria que lles achegue unha capacitación e formación básica para a vida. Trátase dunha escola que non pon requisitos de entrada nin mecanismos de selección ou discriminación de ningún tipo, para facer realmente efectivos os dereitos á educación, á igualdade de oportunidades e á participación.

"Euros de tu Nómina" é unha de las iniciativas máis relevantes de Banco Santander para os miles de empregados e empregadas implicadas coas causas sociais e que apoian ás ONG que traballan a diario para axudar aos colectivos máis vulnerables. Esta iniciativa solidaria cumpre a súa décimo sexta edición e fíxoo repartindo preto de 700.000 euros entre las 16 organizacións que foron premiadas.

Nesta edición participaron 246 entidades, que presentaron os seus proxectos, con 30 finalistas e 16 proxectos gañadores. Os proxectos gañadores fináncianse grazas ao fondo "Euros de tu Nómina", formado polas achegas do persoal que participa doando unha cantidade mensual a través da súa nómina. Todo o diñeiro recadado anualmente é igualado polo banco. Desde que se puxo en marcha este programa repartíronse 5,3 millóns de euros entre os 137 proxectos gañadores e logrouse axudar a preto de 650.000 persoas.

A educación inclusiva: un dereito fundamental

A educación é un dereito fundamental e facelo efectivo esixe garantir que todos os nenos e nenas teñan acceso a un sistema educativo de calidade en igualdade de oportunidades. Un sistema que recoñeza o valor da diferenza e apoie a todo o alumnado para conseguir o seu máximo desenvolvemento.

Por este motivo, desde hai 25 anos, a Federación Down Galicia loita para que todo o alumnado acceda á educación ordinaria e participe en igualdade de condicións, contando con apoios, modificando todo aquilo que sexa preciso e propoñendo solucións ás barreiras existentes.



Todas e todos os premiados xunto a Ana Botín, presidenta do Banco Santander, e Letizia Ortiz, Raíña de España

As entidades Down esixen ao goberno que cumpra as recomendacións da ONU e aposte sen escusas pola educación inclusiva nas nosas escolas

O pasado 22 de marzo, o Comité da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade emitiu un informe provisional no que denunciaba de xeito contundente que España vulnera gravemente o dereito á educación inclusiva dos nenos e nenas con discapacidade e criticaba directamente que a LOMLOE "permita un dobre sistema de ensinanza discriminatorio" e que las leis de varias comunidades autónomas apoien "os centros educativos segregadores".

Segundo Nacións Unidas, en España hai máis de 41.000 alumnos e alumnas con discapacidade que están escolarizadas nalgunha modalidade de ensino segregadora; cifra que, segundo se constata, nos últimos anos aumentou, xa que cada vez son máis os centros educativos ordinarios que aparta a este alumnado en aulas especiais. Esta situación é incompatible co modelo educativo inclusivo que, segundo dita a lei actual, debería estar establecido en España en 2031 e, a data de hoxe, está moi lonxe de cumprirse.

Para Agustín Matía, director de Down España, o informe deixa claro que "a educación inclusiva e de calidade das persoas con discapacidade é un dereito, non unha simple recomendación e, por tanto, como dereito fundamental, está asociado á persoa con discapacidade e debe respectarse; por encima da decisión de pais, nais ou outros familiares".

Segundo Matía, posto que todas as persoas con discapacidade teñen dereito á educación inclusiva, o sistema escolar debe crear apoios individualizados e axustes razoables para conseguilo. "O sistema educativo (xeral) é inclusivo e, por tanto, non existe un dereito á educación especial. Non pode haber dous sistemas educativos (xeral e especial) e, como sinala o informe, escolarizar en centros especiais ou en aulas especiais nun centro ordinario é unha forma de discriminación e, en consecuencia, incompatible coa Convención".

Para Matía "a oposición, a resistencia ao cambio do sistema educativo débese aos intereses creados que queren evitar esa transformación. Neste momento, en España existe unha maioría de persoas con discapacidade intelectual mal atendida educativamente (sen apenas apoios na aula, sen axustes…) que ten unha enorme presión (de colexios, docentes, inspectores e administracións) para "ir encaixando" nas estruturas separadas da mal chamada 'educación' especial, para evitar así ter que facer cambios profundos no sistema educativo".

Para Down España é "absolutamente necesario" transformar o sistema educativo actual para que os nenos e nenas coa síndrome de Down poidan aprender nunha escola inclusiva de calidade que garanta o seu dereito á educación. Por iso, tras a publicación deste último informe, a federación estatal dirixiuse por carta á ministra de Educación, Formación Profesional e Deportes, Pilar Alegría, para esixirlle que se tomen as medidas oportunas para implementar canto antes o "Plan para a Educación Inclusiva" -ao que o Ministerio na LOMLOE comprometeuse a desenvolver nun prazo de 10 anos- que garanta a educación de calidade para todo o alumnado.

Na mencionada carta, Down España solicita ao Goberno:

A elaboración urxente do 'Plan de Inclusión Educativa' que cumpra os requirimentos da ONU para que a inclusión educativa aplíquese de forma xeneralizada nas nosas escolas. Sen escusas, con valentía e contando co talento e coñecemento experto que ten o noso país". Para Down España "é imprescindible a coordinación coas Comunidades Autónomas e os axentes educativos neste proceso de transformación tan laborioso e complexo, xa que calquera atraso na súa aprobación, levaría consigo inmobilismo e posibilidades de fracaso".

- Que se aproben medidas de inclusión positivas: accesibilidade, apoios para a inclusión dentro das aulas, axustes nos centros para a eliminación de barreiras e a aplicación do "Deseño Universal de Aprendizaxe".
- Que se promovan cambios nas valoracións do alumnado con discapacidade, se outorgue maior importancia ás súas potencialidades e se analicen as barreiras (estruturais, curriculares, metodolóxicas, organizativas…) que o sistema ten para o alumnado en todos os niveis.
- Que se promova un ambicioso plan de formación do profesorado sobre estratexias e prácticas educativas inclusivas que permita aos e ás docentes converterse en verdadeiros axentes de transformación educativa nas escolas e que nas nosas Facultades de Educación se fomente a formación, a visión e o enfoque da inclusión educativa.
- Que se fomente a participación de organizacións de familias e de apoio a persoas con discapacidade nas nosas escolas coa finalidade de ofrecer e compartir a súa formación, coñecementos, experiencia, recursos.
- Que se contemple maior financiación nos orzamentos públicos que permita levar adiante o reto de transformación inclusiva do noso sistema escolar.
- Que se convoque, canto antes, o Foro de Inclusión educativa, como espazo lóxico e natural onde formular este tipo de debates.

Para Matía, "axustar o sistema educativo escolar para que proporcione educación ás persoas con discapacidade, sobre todo as de tipo cognitivo intelectual, é enormemente laborioso porque se trata de transformar a educación, non só de axustes, e iso asusta, xera medo e incerteza e necesita moita reflexión, diñeiro, formación e vontade". "Sabemos da súa complexidade, pero se obviamos, negamos ou desacreditamos o informe da ONU e a Convención, e, en definitiva, non nos cremos os Dereitos das persoas con discapacidade, evitemos, polo menos, a hipocrisía de mencionalos", conclúe.



Membro de Down Coruña traballando

‘Emprego Con Apoio’ segue amosando a súa eficacia con 240 contratos de persoas usuarias de entidades Down en empresas e administracións en 2023

Un total de 205 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia estiveron contratadas en empresas ordinarias ou administracións públicas da súa contorna durante o ano 2023. Este é o mellor dato no relativo a oportunidades laborais a persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais desde que a entidade implantou o programa de Emprego con Apoio no ano 2002.

Por outra banda, a porcentaxe de persoas usuarias da bolsa de emprego de Down Galicia que tiveron acceso a un posto de traballo neste período mantívose en relación ao ano anterior, alcanzando o 77,4%. Esta alta porcentaxe ten aínda máis mérito se temos en conta o elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ata as 265 persoas usuarias, chegando así ao máximo histórico, e deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 70 persoas as que traballaron en 2023 na zona de Vigo, 36 na Coruña, 26 en Ourense, 22 en Pontevedra, 21 na área de Compostela, 20 en Lugo e 10 na zona de Ferrolterra.

Estas 205 persoas contaron cun total de 240 contratos de traballo, mediante os que os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como auxiliar de biblioteca, preparación de pedidos online, atención ao cliente, vendedor deportivo, operador de loxística, celador, peón electricista, azafatos de eventos, expendedor de fuel, axudante de recepción, masaxista, persoal de cociña, auxiliar administrativo, telefonista, ordenanza, limpeza ou persoal de cafetería, entre moitos outros.

Despuntan neste período o número de contratacións indefinidas e o de prórrogas dos contratos, que supoñen máis do 75% das contratacións totais no primeiro caso e chegan a 24 no segundo, mellorando as cifras do ano anterior. Estes datos poñen claramente de manifesto a eficacia das persoas con discapacidade intelectual nos seus postos de traballo, demostrando que teñen capacidades máis que suficientes para superar o reto que lles propón a sociedade en canto ao traballo inclusivo.

Destacan tamén as 67 formacións prácticas realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia, coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais.

Sumando contratos e formación práctica, o 89,8% das persoas usuarias do programa de emprego de Down Galicia contaron con unha oportunidade no eido laboral o pasado ano.

Non obstante, o principal escollo para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual segue a ser a curta duración das súas xornadas de traballo, non chegando na gran maioría das ocasións á xornada completa.

Sen embargo, aínda que desde hai uns anos podemos observar como se acadan bos datos na inserción do colectivo, o acceso a un posto de traballo de forma normalizada segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral na empresa ordinaria e nas administracións públicas.

Acceso ao Emprego Público

O 2023 tamén foi un bo ano no relativo ao acceso ao emprego público, pois tres persoas vencelladas a Down Ourense acadaron postos como pinches de cociña no Complexo Hospitalario de Ourense.

Ademais, Noela Avendaño, usuaria de Down Vigo, consolidou a súa praza como funcionaria no Concello de Vigo tras 14 anos traballando na Xerencia Municipal de Urbanismo da administración local.

Con todo, é importante destacar que un dos principais retos aos que se enfrontan as persoas con discapacidade intelectual hoxe en día está relacionado co acceso ao emprego público, onde, a pesar do aumento no número de convocatorias específicas para o colectivo, estas continúan sendo aínda insuficientes.

Por outra banda, debemos ser conscientes de que o abano de persoas con discapacidade intelectual é moi amplo. Por tanto, esta realidade ten que ser tida en conta á hora de realizar estas convocatorias, que deberían introducir medidas de discriminación positivas nos requisitos das mesmas. Deste xeito, garantiríase a igualdade de oportunidades de todas as persoas con discapacidade intelectual no acceso ás prazas reservadas.

Así mesmo, tamén é necesaria unha flexibilización nos resto de criterios de acceso a estas prazas, pois, a pesar de que as persoas coa síndrome de Down son perfectamente capaces de realizar as tarefas encomendadas no posto de traballo e de superar os procesos selectivos, non poden acceder aos mesmos porque priman máis os requisitos mínimos, como pode ser unha titulación en Educación Secundaria Obrigatoria, que a traxectoria educativa da persoa.

Máis de 20 anos coa metodoloxía Emprego con Apoio

Foi no ano 2002 cando as entidades Down en Galicia comezaron a desenvolver o programa Emprego con Apoio, deseñado para atender especificamente as necesidades e barreiras que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais atopan á hora de intentar acceder ao mercado laboral ordinario.

Este modelo baséase nun sistema estruturado de apoios e acompañamentos para guiar ás persoas demandantes de emprego a través de todo o proceso de inserción socio-laboral e asegurar a súa correcta incorporación ao posto de traballo.

Deste xeito, as persoas que se incorporan a un novo emprego contan co apoio dun preparador ou preparadora laboral que se encarga de levar a cabo unha formación específica no propio posto de traballo, para que a persoa empregada poida ir adquirindo progresivamente unha adecuada execución das tarefas. O apoio tamén se centra na potenciación da interacción social cos compañeiros e compañeiras de traballo e na mediación na relación con eles para que se desenvolva de maneira positiva e natural.

Trátase, en definitiva, de prestar ás persoas con discapacidade intelectual os medios, os recursos e os apoios necesarios que faciliten a súa participación no mercado laboral da súa comunidade da mesma maneira que o resto de cidadáns e cidadás, favorecendo, deste xeito, a súa incorporación ou a súa estabilidade laboral e, de forma máis extensa, a súa inclusión social.

Avalada polos seus bos resultados, esta metodoloxía estase a consolidar como unha estupenda fórmula de inserción laboral para aqueles colectivos con máis dificultades á hora de atopar un traballo e supón unha alternativa idónea ás fórmulas de emprego protexido, baseadas nunha filosofía claramente asistencial e concibidas cun carácter instrumental e non como perpetradora do cambio nin como solución final ao problema.

Down Galicia dixitaliza a avaliación de envellecemento a través dunha plataforma

A través da convocatoria 2023 das axudas á dixitalización Industria 4.0, xestionada polo IGAPE e cofinanciada pola Unión Europea, Down Galicia vén de crear unha plataforma dixital con tests para a avaliación do envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Os obxectivos deste proxecto foron analizar as necesidades para a súa realización, desenvolver a batería de tests, validalos a través dun estudo piloto, crear unha base de datos e facer un plan de difusión do seu rendemento.

Como resultado, Down Galicia vén de deseñar unha plataforma dixital de avaliación do envellecemento composta por 5 probas que avalían a memoria, a memoria de procedemento, a memoria semántica, as gnosias visuais e a atención.

Esta nova ferramenta vai contribuír a mellorar a calidade do servizo prestado ás persoas adultas das entidades Down, especialmente a aquelas que forman parte da área de vida adulta e independente, xa que van dispor dun novo recurso que contribuirá a detectar signos de posible deterioro cognitivo, tras a dixitalización e almacenamento da información relativa a cada persoa.

Plataforma de test dixitais de Envellecemento





Membro de Down Pontevedra Xuntos durate unha formación práctica

Down Galicia celebra unha xornada sobre os retos na atención sociosanitaria de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

A Federación Down Galicia organizou o pasado 19 de abril na súa sede en Santiago de Compostela a xornada "Retos na atención sociosanitaria de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual", un evento informativo e didáctico que reuniu a case 50 persoas.

O evento, que estaba destinado a profesionais sanitarios de atención primaria e servizos hospitalarios e profesionais do ámbito social de atención e apoio a persoas maiores, así como as asociacións e colexios profesionais dos que forman parte, deixou patente a necesidade dun cambio na atención ás necesidades sociosanitarias do colectivo, xa que o sistema actual non lles está a dar unha resposta axeitada.

O seu obxectivo era, por un lado, facilitar información e formación sobre como se debe afrontar o envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outra discapacidade intelectual e, por outro, sensibilizar sobre a importancia da colaboración dos diferentes profesionais do ámbito sociosanitario.

O primeiro dos relatorios correu a cargo de Sandra Peña, educadora e traballadora social en Down Pontevedra Xuntos e Membro da Comisión de envellecemento de Down Galicia, que presentou a realidade do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, así como os Protocolos de Avaliación e Seguimento do Envellecemento creados pola mencionada comisión. Estes protocolos teñen por obxectivo compensar as dificultades existentes para identificar aqueles signos de alerta que indiquen cambios no estado global da saúde das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e contribuír á súa valoración, establecendo unha serie de instrumentos para a recollida e posterior análise de datos lonxitudinais referidos a estas persoas na súa etapa adulta, que contribúen a un mellor coñecemento dos procesos de envellecemento e de apoio ante a necesidade dun diagnóstico.

O doutor Miguel Gallego, experto en xeriatría e membro do Grupo de Traballo de Atención Médica de Down Galicia, foi o encargado de falar sobre a importancia dunha boa coordinación e da colaboración entre os distintos axentes do ámbito sociosanitario. Durante a súa intervención, presentou varios documentos de interese: a Guía de Recursos sobre Atención Sanitaria, as Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down ou a Guía breve para profesionais sanitarios, entre outros.

Pola súa banda, Sinda Blanco Lobeiras, subdirectora xeral de atención primaria da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, e Delmiro Prieto, presidente da Federación Down Galicia foron os encargados de inaugurar o evento.


CUÁL ES EL RESULTADO DE LA APLICACIÓN DEL PROTOCOLO ASE
ESTUDIO LONGITUDINAL DE LOS DATOS RECOGIDOS EN CADA MEDICIÓN

O Protocolo ASE de Down Galicia, finalista nos Premios Innovación en Saúde do Servizo Galego de Saúde

O Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol acolleu o 5 de xuño o acto de entrega da IV edición dos Premios Innovación en Saúde do Sergas, na que o "Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento (ASE)" de Down Galicia foi distinguido como finalista entre todas as iniciativas recibidas na categoría de pacientes.

Down Galicia decidiu presentar este proxecto á cuarta edición dos Premios Innovación en Saúde porque, actualmente, non existe no sistema sanitario galego ningún procedemento que teña en conta o envellecemento prematuro e acelerado do colectivo de persoas coa síndrome de Down e que favoreza unha diagnose precoz e diferencial e unha boa atención.

É de vital importancia levar a cabo un exhaustivo control médico que teña en conta os problemas clínicos desde que son persoas adultas ata que envellecen, xa que, por unha banda, será necesario adiantar a idade de aplicación de certos protocolos para probas diagnósticas e, por outro, será de especial relevancia o coidado da saúde e a prevención da dependencia e a saúde mental.

O descoñecemento da realidade das persoas coa síndrome de Down nesta etapa vital xera moitas dificultades para a realización de diagnósticos que diferencien adecuadamente entre comportamentos ou condutas propias da persoa con discapacidade intelectual, doutros que poidan indicar a presenza dalgunha enfermidade mental ou deterioro cognitivo ou, incluso, de outras patoloxías como celiaquía, xordeira, problemas de tiroides, etc.

É de vital importancia, por tanto, que a Consellería de Sanidade veña de recoñecer o valor do "Protocolo de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down", dando validez ao traballo levado a cabo polas entidades de Down Galicia nos últimos 10 anos e avalando os informes elaborados por estas, que recollen información de xeito sistematizado, obxectivo e periódico que contribúe á elaboración dun perfil de funcionamento que axuda a detectar cambios significativos que poidan ser indicadores da presenza dunha enfermidade ou trastorno.

Asumir que as persoas coa síndrome de Down vivirán moitos anos implica introducir as medidas necesarias que contribúan a alcanzar esta etapa vital coa maior calidade de vida posible e que permitan planificar este momento da vida da forma máis idónea.

Premiados nos IV Premios Innovación en Saúde

Ademais da Federación Down Galicia, tamén foron recoñecidos nesta xornada o proxecto de AFAGA titulado "Atención terapéutica a persoas con consciencia propia do diagnóstico de Alzheimer", "Servizos sociosanitarios de proximidade" de FEGADACE, "Programa de facilitación ao acceso á consulta xinecolóxica para mulleres con TEA" de ASPANAES e o proxecto que levou o primeiro premio, "Asistente Crohn: O teu aliado na túa loita diaria" de Alberto Ruibal Ojea.

A entrega dos premios estivo presidida pola Secretaria Xeral da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera, que estivo acompañada polo xerente da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), Antonio Fernández Campa; a xerente da área sanitaria de Ferrol, Fernanda López Crecente; a Directora de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol, Rocío Vílchez Simó; o Coordinador do Nodo da Área Sanitaria de Ferrol, Javier Quiles del Río; a Directora da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Patricia Rey Pérez; e o Director da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS), José María Romero Fidalgo.

A finalidade dos Premios Innovación en Saúde é incentivar as ideas de innovación dos profesionais sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como as dos pacientes e as súas asociacións a efecto de que poidan ser postas en marcha dentro do sistema sanitario público de Galicia.



María Muíño, de Teima, co recoñecemento recibido

Down Galicia organiza un novo encontro autonómico de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

O 23 de maio unha vintena de persoas vencelladas ás entidades Down de toda Galicia participaron no encontro online de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Esta xuntanza, que celebrou a súa segunda edición a nivel autonómico, serviu de escenario para a posta en común de diferentes cuestións de interese, como as actividades que máis interesan aos seus irmáns e irmás ou cales se consideran máis necesarias de cara a conseguir o obxectivo da autonomía, como estar máis presente nalgunhas desas actividades ou que consideran que se pode facer desde as entidades Down para dinamizar a participación.

Tamén se intercambiaron opinións sobre as necesidades que o Estado do Benestar debería cubrir, como melloras no transporte desde as zonas rurais para que as persoas con discapacidade poidan acudir tanto ás entidades como ás actividades da contorna, así como a necesidade de axilizar os trámites burocráticos ou o impulso de outros modelos para a vida adulta e independente, como pode ser o cohousing.

Por último, as persoas asistentes valoraron a idea de que desde as entidades Down se poida ofrecer orientación sobre aquelas necesidades que elas poidan cubrir como irmáns e irmás, e coméntase a posibilidade de que os e as máis veteranas poidan acompañar no camiño a aquelas que comezan nas entidades.

No remate da xuntanza, as persoas participantes coincidiron na importancia de contar con máis espazos coma este, onde intercambiar ideas, consellos e información, e manifestaron o seu interese en organizar máis encontros, tanto deste tipo coma en conxunto cos seus irmáns e irmás.

A importancia dos irmáns e irmás

Os irmáns e as irmás das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais son un piar fundamental nas súas vidas. Algo que tamén sucede á inversa. Teñen unha posición privilexiada á hora de detectar algunhas das necesidades e reclamos que ten a persoa con discapacidade, e son tamén os principais valedores dos seus irmáns e irmás e quen máis lles impulsan nunha vida autónoma e independente.

Deste xeito, é importante contar con grupos de apoio de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que haberá determinados temas ou situacións que outro irmán ou irmá entenderá mellor e ofrecerá outra visión ou punto de vista.

A organización deste encontro foi posible grazas ao apoio económico da Consellería de Política Social e Igualdade.

O equipo de Down Ourense gaña a Liga de Debate Universitario para persoas con discapacidade intelectual

O 16 de xuño o equipo de Down Ourense conseguiu a victoria na Liga Española de Debate Universitario (LEDU) que se celebrou en Madrid entre mozos e mozas con discapacidade intelectual.

Os iete integrantes do equipo de debate de Down Ourense, Laura Gil, Saul Álvarez, Mikel Pan, Francisco Diz, Edwin Varela, Álvaro Nóvoa y Pablo Varela, non só acadaron o primeiro premio, senón que ademais Francisco Diz foi recoñecido como o Mellor Orador do Torneo.

Tralas exitosas experiencias de anos anteriores, este 2024 celebrouse unha nova edición de "Eu teño opinión", na que participaron doce equipos de oito provincias españolas, formados por persoas con discapacidade intelectual.

Esta edición foi a segunda na que participan mozos e mozas de Down Ourense que, tras iniciarse no mundo do debate o ano pasado, non dubidaron en volver demostrar as súas dotes oratorios nesta iniciativa nacional.

"Eu teño opinión" comeza cunha formación intensiva, dirixida a preparadores e representantes das entidades participantes, co obxectivo de achegarlles o mundo do debate e da oratoria.

Posteriormente, os equipos, acompañados por LEDU e mentores de empresas colaboradoras, preparan a pregunta sobre a que debaterán. Nesta ocasión, o tema escollido é "É posible manter unha alimentción saudable nos nosos días?".

A competición desenvolveuse en dúas fases: unha de grupo e a gran final. Na primeira delas, os doce equipos dividíronse en dous grupos. Seis deles estiveron a favor do tema proposto e os outros seis defenderon a postura contraria. De cada grupo clasificouse o mellor equipo, que pasaron á gran final. Neste caso, os equipos de Down Madrid e Down Ourense.

"Eu teño opinión" vai dirixido a persoas mozas con discapacidade intelectual e o seu obxectivo é visibilizar o seu talento para que poidan incluílo nos seus currículos para mellorar a súa inclusión no mercado laboral ordinario.



Así foi o triunfo de Down Ourense



Foto de familia do equipo de Down Ourense cos premios da Liga de Debate

Down Vigo pon en pé ao auditorio Mar de Vigo coa súa obra “La Sirena”

O pasado 28 de abril, na gran final da 12ª edición de Vigo Porté, catro persoas usuarias da asociación Down Vigo e varias profesionais da entidade interpretaron a obra “La Sirena” neste evento internacional de referencia de disciplinas de baile.

Adrián Dacuña, Luana Otero, María Centeno e Tamara Carballa ofreceron unha magnífica exhibición previa á Gran Final coa que puxeron en pé a todo o auditorio. Baixo a dirección de Erick Alexander Corrente, técnico de musicoterapia da entidade, desenvolveron unha obra dancística cuxa temática foi o amor non correspondido.

Vigo Porté 2024

Vigo Porté é un evento Internacional de Disciplinas de Baile que este ano celebrou a súa 12ª edición presencial no Auditorio Mar de Vigo. De media, estímase que máis de 8.000 persoas asistiron como público durante toda a fin de semana. Nesta edición, a escola de danza viguesa Media Punta converteuse na gañadora do Premio Vigo Porté 2024.

O carácter do evento é internacional, con presenza de participantes de España, Portugal, Francia, Chile e Venezuela. É considerado un dos eventos de danza máis importantes de Europa, tanto por parte de membros do xurado, como polas propias persoas participantes, que adoitan asistir a eventos noutros países, e califican como superior a calidade e organización de Vigo Porté.



O corpo de baile de Down Vigo entre bambolinas

Persoas usuarias de entidades Down de Galicia colaboran coa limpeza dos ríos da nosa comunidade

Nos últimos meses, mozos e mozas de varias entidades Down de Galicia están a colaborar en distintas accións medioambientais, demostrando deste xeito que as persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais tamén poden ser voluntarias e contribuír na mellora da súa contorna.

Down Lugo e o 'Proxecto Ríos'

Por un lado, Down Lugo tivo a oportunidade de participar no "Proxecto Ríos", realizado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) xunto coa UNED de Lugo.

Esta iniciativa, xurdida no ano 2005, ten como obxectivo destacar a importancia da conservación da biodiversidade dos ríos, e permite ás persoas participantes analizar varios parámetros para estudar o río: a calidade da auga, o caudal, o estado do hábitat da ribeira e a presenza de especies invasoras de fauna e flora, entre outros.

Así, un grupo de oito persoas usuarias de Down Lugo desprazáronse ata o barrio Tolda de Castela de Lugo, onde da man de Ramsés Pérez, coordinador do proxecto, desfrutaron dunha agradable mañá á beira do río Miño. Nesta visita puideron participar na recollida e identificación de macro-invertebrados e coñeceron a diversidade e calidade biolóxica dese tramo do río ao realizar un pequeno censo das especies de flora e fauna.

Down Vigo participa no programa 'Mares Circulares'

Por un lado, persoas usuarias de Down Vigo uníronse ao RC Celta e a Coca-Cola para participar nunha xornada de recollida de residuos no río Lagares ao abeiro do programa "Mares Circulares", que este 2024 cumpre sete anos.

Entre todas as persoas voluntarias, recolleron un total de 370 quilos de lixo, que posteriormente foi clasificado pola Asociación Chelonia para o seu reciclado. Ademais, todos os datos obtidos serán recollidos, analizados e incorporados na base de datos do proxecto.

Roberto Campo, director xerente de Down Vigo, agradeceu "a oportunidade que brinda esta iniciativa ás persoas usuarias da entidade para ser parte activa da sociedade grazas ao voluntariado e poder así achegar valor engadido á cidade".



O 'Proxecto Ríos', do que forma parte Down Lugo



Elvia, de Down Coruña, no seu posto de traballo

Elvia, usuaria de Down Coruña, únese ao equipo de Burger King en Arteixo

Elvia, unha moza de 33 anos pertencente á asociación Down Coruña, comezou a traballar o pasado mes de maio no establecemento que Burger King ten na localidade de Arteixo.

Durante estas semanas, Elvia foi aprendendo as súas tarefas e coñecendo aos seus compañeiros, compañeiras e ás persoas encargadas. O seu progreso foi notable, gañando cada día máis seguridade en si mesma. A súa dedicación e esforzo en cada unha das oportunidades que se lle presentan son destacables, demostrando sempre a súa valía, responsabilidade e constancia no traballo.

Elvia centra as súas xornadas laborais nas fins de semana, sendo unha máis do equipo de traballadores de Burger King Arteixo. Para ela, esta oportunidade laboral é moi importante, xa que lle permite sentirse realizada e útil, ademais de proporcionarlle unha fonte de ingresos.

Desde Down Galicia queremos darlle os parabéns a Elvia por este novo traballo e expresar o noso agradecemento a Burger King Spain pola súa colaboración. Desde o inicio, mostraron unha actitude atenta e disposta con Down Coruña, facendo esta experiencia máis doada e gratificante..

Gran ovación na estrea de ‘Oro líquido’, do grupo de teatro Down Compostela

Un ateigado Salón Teatro acolleu o 7 de xuño a estrea da obra ‘Oro líquido’, do Grupo de Teatro Down Compostela.

Quince mozos e mozas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais recibiron unha gran ovación do público tras representar este espectáculo, baseado no relato ‘Las aceitunas’, de Lope de Rueda, e que foi adaptado polo director da obra, Lucas Herrador.

‘Oro líquido’ é un sainete que se lle ocorreu a Herrador despois de ver como un individuo con garabata intentaba explicar aos telespectadores que son e como se reparten as axudas europeas.

Para esta estrea, o grupo de teatro Down Compostela estivo ensaiando nove meses, con dúas sesións semanais nas instalacións da Fundación, ademais de preparar individualmente a súa voz e dicción con María García, voluntaria da entidade.

O elenco de rapaces e rapazas que apareceron sobre as táboas do Salón Teatro estivo formado por Teresa Fraga, Raquel Suárez, David Aldrey, Kevin Suárez, Daniel Martínez, Javier Prieto, Carmiña Romero, Marina Menéndez, Irene Rodríguez, Daniel López, Javier Cacharrón, Yasmín Malás, Alba Muíños, Elena Zas e Yone Zas; arroupados por un equipo técnico de profesionais da entidade e dirixidos por Lucas Herrador.

O cartel da obra é un deseño do artista compostelán Rafael Romero Masiá, que colabora de forma desinteresada cada ano na creación do mesmo.

A traxectoria do Grupo de Teatro Down Compostela

Nunha longa traxectoria que supera xa os dez anos, o Grupo de Teatro Down Compostela conseguiu galardóns como o Premio do Público na Mostra de Teatro de Rianxo no ano 2017.

‘Oro líquido’ é a súa décimo terceira produción, despois de ‘A pantalla máxica’ (Teatro Principal, 2023),’Todos os camiños levan a Santiago’ (Salón Teatro, 2019),‘La mansión de José Cruz’ (2018), ’Arturo, Arthur, Artur’ (Salón Teatro, 2017), ‘Búscame a este tipo’ (Salón Teatro, 2016), ‘Solo ante la Peligros’ (Salón Teatro, 2015), ‘Alicia en el país de las maravillas’ (Auditorio de Galicia, 2009), ‘Esopo y sus fábulas’ (Sala Nasa, 2010), ‘Romeo y Julieta’ (Sala Nasa, 2011), ‘Fuenteovejuna’ (Salón Teatro, 2012), ‘Bodas de sangre’ (Salón Teatro e Casa de Cultura de Milladoiro, 2013) e ‘Las pruebas de Hércules’ (Salón Teatro e Casa de Cultura de Milladoiro, 2014)..



Escea da obra do Grupo de Teatro de Down Compostela



Obradoiro en Down Pontevedra Xuntos

Varias entidades Down realizan obradoiros impartidos por Quérote+

Down Pontevedra Xuntos, Down Ourense e Down Vigo organizaron nas últimas semanas varios obradoiros impartidos polos centros Quérote+, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que prestan un servizo de información e asesoramento á xuventude nas áreas máis vinculadas ao entendemento social e o crecemento persoal.

Por un lado, as persoas usuarias de Xuntos desfrutaron do obradoiro “Aprendendo a cultivar a autoestima”, no que aprenderon que o primeiro é o amor propio da man de Noa e Isaac.

Down Ourense, pola súa banda, organizou unha charla sobre o papel que teñen as familias na educación afectivo-sexual dos seus fillos e fillas. A formación, impartida pola psicóloga Laura López, incluíu pequenas claves ao alcance de todas as familias: evitar o silencio, ofrecer intimidade, propiciar as relacións persoais ou a consideración cara o corpo, entre outras.

Por último, Down Vigo recibiu unha charla sobre o propio funcionamento dos centros Quérote+, coñecendo de primeira man todo o que ofrece este servizo gratuíto, anónimo e confidencial.

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

X.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Celebración do 30 aniversario de Teima no seu Camiño Teimudo Fest II